

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A ESTABILIZACIÓN DA PRAZA DE ASESOR/A XURÍDICO/A, GRUPO I, INCLÚIDA NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO 2022, AO ABEIRO DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO. VALORACIÓN DO CONCURSO DE MÉRITOS.

O día 18 de decembro de 2023 ás 09:45 horas, reúnese o Tribunal cualificador para a valoración dos méritos presentados por cada un dos/as candidatos/as no proceso selectivo para a estabilización da praza de asesor/a xurídico/a, grupo I, incluída na oferta extraordinaria de emprego público 2022, ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade.

Presidente/a:

M^a del Carmen Merino Moína

Vogais:

M^a Dolores Franco Mateo

Jared Villaverde Dios

Roberto Carrodegas Méndez

Secretario/a:

M^a del Carmen Rey Romero

Vista a documentación presentada polos aspirantes admitidos ao proceso selectivo, este Tribunal procede á comprobación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas documentalmente polas persoas aspirantes de acordo cos criterios establecidos nas bases xerais e específicas da convocatoria publicadas nos BOPPO n^o 246 de 27 de decembro de 2022 e n^o 247 de 28 de decembro de 2022, e cuxa puntuación se reflicte na seguinte táboa:

ASPIRANTE	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 90 ptos.)	OUTROS MÉRITOS (máx. 10 ptos.)			TOTAL
		Titulación superior	Cursos	CELGA	
Pérez Vázquez Pedro Manuel	90	0	8,6	0,40	99
Riveiro Álvarez Rafael	30,40	0	8,6	0,40	39,4

O candidato D. Rafael Riveiro Álvarez presentou demanda ante o XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. N. 3 de PONTEVEDRA con relación ao recurso contencioso-administrativo en materia de personal (impugnación de convocatoria e bases do proceso selectivo) pendente de resolución.

Por todo iso, este Tribunal dá **como finalizada a fase de concurso de valoración de méritos**, polo que a puntuación final é a que segue:

DNI	Apellido1	Apellido2	Nome	TOTAL
***6500**	PÉREZ	VÁZQUEZ	PEDRO MANUEL	99
***1742**	RIVEIRO	ÁLVAREZ	RAFAEL	39,40

Finalizada a valoración provisional dos méritos acreditados polos aspirantes reflexada na presente acta, o Tribunal, de conformidade coa Base 8^a das Bases Xerais polas que se rexe o proceso selectivo, dispón a súa publicación no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica deste Concello, indicando que as persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o propio órgano de selección dentro do prazo improrrogable de cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación.

Ditas reclamacións que, terán efecto suspensivo, só poderán ser presentadas no Rexistro Xeral de maneira presencial ou de forma telemática, con obxecto de non retardar o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.



Toda reclamación que se presente polas persoas aspirantes ás puntuacións acordadas polo Tribunal Cualificador tras a valoración de méritos na fase de concurso, será resolta polo mesmo en sesión convocada para o efecto e serán publicadas mediante anuncio na Sede electrónica, servindo dita publicación de notificación para todos os efectos a quen efectuase alegacións e a todas as persoas aspirantes en canto á puntuación obtida.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 10:15 horas do 18 de decembro de 2023, estendéndose e léndose a presente acta para constancia de todo o acordado, que, previa conformidade de todos os membros do Tribunal por unanimidade, asinan comigo a secretaria que dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

